

Proxecto de decreto polo que se regula o réxime dos seguros obrigatorios ligados a práctica deportiva

O artigo 27.22 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva na promoción do deporte e da adecuada utilización do lecer.

En exercicio da competencia exclusiva para a promoción do deporte, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia en cuxa exposición de motivos xa se salienta que o deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento.

A consideración do deporte como unha actividade de interese público, expresamente recoñecida polo artigo 2 da referida lei, vén motivada polas súas especiais funcionalidades, en especial nos ámbitos da educación, a formación, a saúde, a socialización, a cohesión social e como motor económico, ademais do ámbito da competición deportiva, entre outros.

Estas funcionalidades adquiren especial relevancia entre a poboación polos beneficios inmediatos que o deporte e a actividade física en xeral supoñen no desenvolvemento integral das persoas, pero tamén, na súa incidencia na consolidación de hábitos de vida saudables en todas as idades.

Con todo, de forma paralela aos evidentes efectos positivos para a saúde e benestar das persoas, a práctica do deporte e a actividade física xeran un risco para a súa integridade física, por medio de lesións e accidentes, cun potencial efecto negativo aínda que se practiquen coa preparación, supervisión e precaucións necesarias.

Aínda que a práctica deportiva e a actividade física implican a propia responsabilidade polos danos corporais ou lesións sufridos, resulta



conveniente a cobertura destes riscos mediante un seguro en determinados casos. A competición deportiva, a actividade federada, así como o desenvolvemento de eventos deportivos e a explotación de centros deportivos constitúen supostos onde se poden producir situacións que materialicen riscos para a saúde dos propios deportistas e de terceiros que participan dalgún modo no feito deportivo.

O alcance, hoxe en día, da práctica deportiva nas súas diferentes formas e ámbitos fai aconsellable o establecemento dun seguro obrigatorio nos ámbitos onde existen máis riscos ou onde con máis frecuencia poderían materializarse os existentes, tal e como encomenda a lei.

Así, de conformidade co previsto no artigo 28.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, cada licenza que habilite a participar en competicións oficiais federadas, universitarias ou escolares comportará a obriga de subscribir un seguro que garanta, como mínimo, a cobertura dos seguintes riscos: indemnización por falecemento, indemnización por supostos de perdas anatómicas e funcionais e asistencia sanitaria.

No caso de deportistas que participen en competicións oficiais de ámbito estatal ou internacional, as licenzas deberán cumprir, ademais, as condicións de aseguramento que estableza a normativa estatal ou internacional correspondente.

O artigo 21.1 da Lei 3/2012, de 2 de abril, nas súas letras c) e d) prevé, entre os requisitos mínimos esixibles aos organizadores de competicións oficiais, o de contar cun seguro que contemple a cobertura de accidente deportivo "a todos os deportistas a través dos mecanismos que se establezan na legalidade vixente" e tamén a cobertura da responsabilidade civil derivada dos danos causados a participantes ou persoas espectadoras como consecuencia da organización e a realización da competición. Esta mesma obrigación de subscribir o seguro de responsabilidade civil contéplaa o artigo 23 para quen explote centros deportivos e quen organice competicións ou eventos deportivos, debendo cubrir neste caso "a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionárselles ás persoas usuarias, ás participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou



da actividade desenvolvida nelas". Por último, o artigo 22 establece para os organizadores de eventos a obrigaón de contar cun seguro que cubra accidentes deportivos.

A realidade social actual na que se desenvolve a actividade física e deportiva federada, o número de competicións e eventos deportivos que se celebran, a consolidación dunha significativa rede de centros deportivos e a importancia que a poboación outorga á seguridade, aconsellan o desenvolvemento do seguro de subscrición obrigatoria no ámbito do deporte que fixe un nivel axeitado e uniforme de protección aos prexudicados dos accidentes ocasionados con motivo da práctica deportiva federada.

En todos os supostos de seguro obrigatorio estase ante a práctica deportiva organizada ou ante unha actividade económica onde os organizadores e responsables deben asumir o custo de que se materialice un risco para a saúde dos deportistas e participantes mediante o correspondente seguro que dea cobertura, segundo corresponda en cada caso, á asistencia sanitaria que puidese ser precisa, aos accidentes que poidan ter lugar ou á responsabilidade civil polos danos causados.

Atopámonos cunha previsión legal que esixe a aprobación do presente Decreto, que concreta os supostos de obrigatoriedade e dota así de seguridade xurídica aos distintos actores implicados, mediante o establecemento do alcance das prestacións e as coberturas mínimas.

En paralelo e entrecruzándose co referido título competencial, hai que significar que a Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, atribúe á nosa Comunidade Autónoma a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de ordenación do crédito, banca e seguros, con suxeición á ordenación da actividade económica xeral e axuste ao disposto polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co artigo 149.1.11ª da Constitución Española.

O Tribunal Constitucional na súa sentenza STC 330/1994, de 15 de decembro (BOE núm.15, de 18 de xaneiro de 1995) entende que a regra



competencial do art. 149.1.11ª da Constitución, se aplica sobre unha materia constituída pola actividade aseguradora privada, cuxa disciplina corresponde a normas de Dereito Público e Privado e abarca aspectos como, entre outros, o contrato de seguro. Na mesma sentenza se considera incluído na competencia exclusiva do Estado sobre lexislación mercantil (artigo 149.1.6 CE.) o “réxime contractual das distintas modalidades de seguro”.

Igualmente, na súa sentenza 97/2014, de 12 de xuño (BOE núm. 162, de 4 de xullo de 2014) o Tribunal Constitucional considera que determinados preceptos da Lei 50/1980, de 8 de outubro, de contrato de seguro teñen a condición de lei básica en aplicación do título competencial recollido no artigo 149.1.11 da Constitución Española.

O exercicio das competencias descritas obriga a un deseño integral do modelo deportivo galego e das responsabilidades que, respecto deste, teñen os distintos axentes que interveñen no deporte, do que deriva a conveniencia de desenvolver o seguro deportivo obrigatorio, previsto na lei do deporte de Galicia.

Mediante o presente decreto desenvólvense as previsións establecidas nos artigos 21, 22, 23 e 28.4 da antedita lei.

O decreto estrutúrase en tres capítulos, trinta artigos, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

A norma axústase aos principios de boa regulación (necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia) contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia.

Configúrase como unha iniciativa necesaria e eficaz, ao estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos, ser o instrumento máis axeitado para garantir a seguridade xurídica e evitar cargas administrativas innecesarias á cidadanía.

Ademais, é eficiente ao non supoñer custos significativos.

De igual forma, o decreto formula a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir, cumprindo así co principio de proporcionalidade.

Esta regulación mantén a coherencia co resto do ordenamento xurídico e garante a seguridade xurídica necesaria para xerar un marco normativo estable, previsible, integrado e claro que facilite tanto o seu coñecemento e comprensión coma a actuación e toma de decisións por parte da cidadanía, empresas, entidades e institucións.

A teor do exposto, en virtude das competencias atribuídas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día de ... de dous mil vinte e cinco

DISPÕÑO

Capítulo I Disposicións Xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este Decreto ten por obxecto regular os seguros obrigatorios de accidentes deportivos e de responsabilidade civil previstos na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

Artigo 2. *Réxime xurídico*

O réxime xurídico dos seguros obrigatorios regulados neste decreto está constituído polas disposicións que resultan de aplicación na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte e na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia; así como na Lei 50/1980, do contrato de seguro, neste regulamento e demais normativa aplicable.

Artigo 3. *Seguros de subscripción obrigatoria*

Os seguros deportivos de obrigatoria subscripción son os seguintes:

a) Seguro de accidentes deportivos, que cubrirá os seguintes riscos para a saúde derivados da práctica deportiva:



- Indemnización para supostos de perdas anatómicas ou funcionais e de falecemento.

- Asistencia sanitaria

b) Seguro de responsabilidade civil, polos danos causados ás persoas ou nos bens nos supostos regulados neste decreto.

Artigo 4. Ámbito dos seguros obrigatorios.

1. A emisión de licenzas federadas, universitarias ou escolares comporta a obriga de subscribir o seguro definido no artigo 3 a).

2. Para a organización de competicións oficiais de ámbito autonómico e para a celebración de eventos serán obrigatorios os seguros establecidos no artigo 3 a) e b).

3. Para a explotación de centros deportivos e a prestación de servizos deportivos, será obrigatorio dispoñer do seguro obrigatorio de responsabilidade civil previsto no artigo 3 b), que cubra os danos e prexuízos que poidan ocasionárselle ás persoas usuarias e participantes ou calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas nos termos establecidos no Capítulo III deste decreto.

4. Os seguros referidos no artigo 3 teñen carácter obrigatorio nos termos deste decreto e amparan a quen estea en posesión dunha licenza deportiva federada, universitaria ou escolar, aos participantes e asistentes a competicións, eventos deportivos e aos usuarios de centros e servizos deportivos, así como a terceiros alleos, no caso do seguro de responsabilidade civil.

Artigo 5. Finalidade

1. O seguro deportivo de accidentes indemnizará aos deportistas ou aos seus dereitohabientes, cando sufran danos corporais e ou falecemento en accidente que teña lugar con ocasión da práctica deportiva, sempre que concorran as circunstancias establecidas no presente regulamento. O dito seguro garantirá, igualmente, asistencia sanitaria, respecto dos deportistas e participantes, cando sufran un accidente.

2. En canto ao seguro de responsabilidade civil o asegurador obrígase, dentro dos límites establecidos no presente regulamento, nas previsións legais e no contrato de seguro, a cubrir o risco do nacemento, a cargo do



asegurado, da obrigación de indemnizar a un terceiro dos danos e prexuízos causados durante a actividade deportiva de cuxas consecuencias sexa civilmente responsable o asegurado, conforme a dereito.

Artigo 6. *Definicións*

Aos efectos do presente Regulamento estarase ás seguintes definicións:

a) Persoa deportista: todo titular dunha licenza deportiva do artigo 27 e seguintes da Lei do deporte de Galicia, independentemente de se esta é de deportista, adestradora, técnica, árbitra ou calquera outro tipo de axente deportivo.

b) Deportista profesional: quen ostente tal condición de conformidade co previsto no Real Decreto 1006/1985, polo que se regula a relación laboral especial dos deportistas profesionais ou norma que o substitúa.

c) Participante: quen de forma activa interveña en competicións ou eventos deportivos.

d) Usuario: quen realice actividade deportiva ou actividade deportiva organizada por centros ou prestadores de servizos deportivos.

e) Organizador/es: persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, con ánimo de lucro ou sen el, son responsables da organización, produción ou promoción de competicións deportivas ou eventos deportivos.

f) Titular/es: persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, en calidade de propietarios/as, arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico, teñen o dereito de uso o uso dos establecementos ou espazos abertos ao público previstos onde se desenvolvan actividades deportivas ou se presten servizos de tal natureza.

g) Actividade deportiva: exercicio físico regulamentado cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou en as competicións recoñecidas pola Administración deportiva autonómica.

h) Práctica deportiva federada: toda actividade deportiva realizada por unha persoa titular de licenza deportiva, sexa en competición ou adestramento.

i) Competicións deportivas: as de carácter oficial definidas polo artigo 21 da Lei 3/2012, de 2 de abril así como aquelas organizadas polas entidades deportivas definidas na lei.



k) Evento deportivo: actividades deportivas organizadas á marxe das federacións deportivas e do resto de organizadores de competicións oficiais e realizadas en recintos, instalacións, vías ou espazos abertos ao público, debidamente acondicionados e habilitados para iso, incluíndose a exhibición en público do exercicio de calquera modalidade ou especialidade deportiva, competitiva, ou non, por persoas deportistas profesionais ou afeccionadas.

l) Servizos e actividades deportivas: aquelas mediante as cales se ofrece ao público a práctica de calquera deporte, ben en establecementos abertos ao público legalmente habilitados e autorizados para iso ou en espazos abertos ao público, nas condicións establecidas na normativa específica. Inclúense nesta definición as actividades que consistan en ofrecer ao público a utilización de instalacións fixas, eventuais ou outros elementos ou servizos de carácter deportivo, de habilidade ou de resistencia física, previo pago do prezo polo seu uso ou por acceder ao establecemento aberto ao público en que se atopen instalados, tales como tirolesa, ponte tibetano, piragüismo, paintball e calquera outro de semellantes características.

m) Accidente: suceso ou incidencia que provoca danos ás persoas ou nos bens, sempre que deriven dunha causa súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado ou terceiro prexudicado que sofre os danos.

n) Accidente deportivo: accidente sucedido durante a actividade deportiva, incluído o adestramento e preparación deportiva, en competicións, eventos, centros deportivos ou no marco da prestación de servizos deportivos, do que se derivan lesións corporais de inicio repentino, de orixe traumática ou non, provocado por unha caída, un choque con outro deportista ou cun obxecto, un mal xesto técnico ou unha carga que supere os limiares fisiolóxicos.

ñ) Danos ás persoas: lesión corporal que deriva dun accidente que produza dano corporal, perda anatómica ou incapacidade permanente, invalidez ou morte. Entenderanse incluídas as lesións non traumáticas. Non terán tal consideración as lesións derivadas do crecemento, as xenéticas ou as dexenerativas.

o) Danos aos bens: destrución ou deterioración dun ben, independentemente da súa natureza.

p) Lesión non traumática: Lesión sen unha orixe ou causa externa que a desencadee.

Capítulo II



Seguro de accidentes deportivos

Sección 1ª. *Disposicións xerais*

Artigo 7. *Obxecto*

1. As coberturas garantidas polo seguro de accidentes deportivos comprenden a asistencia sanitaria, prevista nos artigos 28.4.a) e b), 21.1 c) e 22 parágrafo 4º da Lei 3/2012, de 2 de abril, que ten por obxecto a prestación dos servizos médicos e cirúrxicos e de certos gastos farmacéuticos dentro dos límites e condicións que as disposicións da sección segunda deste capítulo determinan, así como as indemnizacións pecunarias ao deportista ou aos seus dereitohabentes, cando sufran danos corporais ou falecemento en accidente que teña lugar con ocasión da práctica deportiva, sempre que concorran as circunstancias establecidas na sección terceira deste capítulo.

Artigo 8. *Subscrición*

1. A obrigación poderase cumprir mediante a subscrición dun seguro individual ou mediante a subscrición por quen expida as licencias, no seu caso, e en condición de tomador, dunha póliza colectiva, que contemple a todo o colectivo como asegurado.

2. As administracións públicas, sen prexuízo dos supostos nos que veñan obrigadas pola súa condición de organizadoras, poderán concertar pólizas colectivas para asegurar aos beneficiarios dos seus programas deportivos. Estas pólizas axustaranse ao establecido neste decreto para o seguro de licenza federativa e á demais normativa que lle resulte de aplicación pola natureza desta asunción.

3. No caso de competicións oficiais, entenderase cumprida a obrigación de subscrición do seguro de accidentes, cando a competición estea incluída no calendario oficial aprobado e cuberta polo seguro incluído na licenza.

Artigo 9. *Natureza*

Este seguro obrigatorio constitúe unha modalidade do seguro privado de accidentes individuais, compatible con calquera outro seguro concertado polo deportista con licenza ou a el referente.

Artigo 10. *Asegurados*



1. A cobertura do seguro ampara a todo deportista que obteña a licenza, federativa, universitaria ou escolar, así como aos participantes en eventos deportivos cubertos polo seguro obrigatorio.

2. O seguro de accidentes deportivos non libera da responsabilidade civil ou doutra natureza en que, dolosa ou culposamente, puidesen incorrer por razón da práctica deportiva, nin as prestacións satisfeitas por razón de devandito seguro reducen o importe da expresada responsabilidade.

Artigo 11. *Beneficiarios*

1. No caso dos gastos sanitarios así como nos de perda anatómica ou funcional, será beneficiario o propio asegurado.

2. No caso de falecemento, en ausencia de designación expresa feita polo asegurado, serán beneficiarios do seguro as persoas que teñan dereito á sucesión do causante.

O tomador renunciará expresamente á facultade de designación de beneficiario para a percepción das prestacións deste seguro concedéndoa con toda a súa eficacia e de forma permanente aos asegurados da póliza.

A revogación da designación de beneficiarios polos asegurados efectuarase empregando os mesmos requisitos formais que os seguidos para a previa designación.

Artigo 12. *Ámbito de cobertura*

1. Serán obxecto de cobertura os accidentes da persoa asegurada que se produzan durante os adestramentos e etapas de preparación deportiva, programados ou supervisados por un adestrador ou técnico, durante a celebración de competicións e durante eventos deportivos que se celebren nas instalacións ou espazos deportivos públicos ou privados, colexios e institutos públicos ou privados, instalacións de centros cívicos, espazos libres, parques e rúas ou calquera outro recinto onde se leven a cabo.

2. No caso de deportistas federados, estarán incluídos na cobertura os accidentes das persoas aseguradas que se produzan no curso das viaxes e desprazamentos organizados no seo da federación deportiva.

Artigo 13. *Ámbito territorial*

1. O seguro terá cobertura mundial.



2. Non se esixirá ningún tipo de comunicación especial para os desprazamentos en territorio español aínda que sexan fora da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para os desprazamentos internacionais, a compañía aseguradora poderá esixir unha comunicación previa, coa indicación de destino, evento, duración e participantes, debendo facilitar un sistema telemático de comunicación de desprazamento para estes efectos.

Artigo 14. *Ámbito temporal do seguro*

O período de vixencia da póliza estará suxeito ao da licenza correspondente e cubrirá estritamente as actividades reflectidas nos calendarios tanto de actividades e, no seu caso, adestramento como de competición, establecidos pola federación, universidade ou centro educativo correspondente, sen prexuízo do indicado no artigo 12.2 respecto dos desprazamentos de deportistas federados.

No caso dos eventos deportivos, se estenderá á celebración do mesmo.

Sección 2ª. *Asistencia sanitaria*

Artigo 15. *Coberturas*

1. A prestación de asistencia sanitaria terá un límite máximo temporal para a súa prestación de dezoito (18) meses a contar desde a data de ocorrencia do accidente ou lesión.

O cómputo do antedito límite temporal entenderase interrompido naqueles sinistros onde os facultativos médicos diagnostiquen que non procede intervir ao sinistrado por causas de crecemento. Nestes casos, o prazo interromperase desde o diagnóstico ata a data na que os facultativos médicos estimen que é procedente a realización do tratamento adiado, cun límite de cinco (5) anos totais desde a data do accidente.

2. A asistencia comprenderá, como mínimo, os servizos que se indican no artigo 17 e abarcará desde a primeira asistencia, de urxencia ou non, con límite temporal fixado no apartado 1 do presente artigo.

3. A prestación destes servizos será efectuada nun radio máximo de 50 Kms. da localidade na que se produza o accidente, no caso da primeira asistencia, ou do domicilio habitual da persoa asegurada, nos centros médicos



ou facultativos concertados pola entidade aseguradora, salvo urxencia vital, suposto no que poderá ser atendido nun servizo asistencial non concertado.

Para estes efectos enténdese por urxencia vital a necesidade de recibir asistencia sanitaria inmediata que de non prestarse, poñería en perigo a vida da persoa asegurada ou derivaría nun dano irreparable para a súa integridade física.

Artigo 16. *Coberturas especiais.*

As pólizas deberán recoller, en todo caso, as seguintes coberturas:

a) As consecuencias da acción de raio, incendio, explosión, electricidade ou outros casos fortuítos similares.

b) As consecuencias de infeccións cando o axente patóxeno penetrase no corpo por unha lesión producida por un accidente cuberto ou da mordedura ou picadura de calquera clase de animal.

d) As consecuencias de intervencións cirúrxicas e de toda clase de tratamentos médicos cando sexan motivadas por un accidente cuberto.

e) As consecuencias de accións acaecidas en lexítima defensa propia ou de terceiros, así como no intento de salvamento de persoas ou bens.

f) As consecuencias de accidentes acaecidos como consecuencia de ataques de apoplexía, desmaios, desfalecementos, síncope, crises epilépticas, e situacións clínicas similares nas que a persoa asegurada perda de maneira transitoria o control da propia estabilidade ou motricidade, con resultado de accidente.

g) As insolacións, conxestións, conxelacións ou calquera outro dano derivado doutras inclemencias do tempo ou da presión atmosférica ás que o asegurado estivese exposto como consecuencia dun accidente cuberto pola póliza.

Artigo 17. *Asistencia sanitaria cuberta*

1. A asistencia sanitaria comprenderá como mínimo os seguintes servizos:

a) Asistencia médico-cirúrxica sanatorial en accidentes ocorridos en territorio estatal, sen límite de gastos, incluída a farmacéutica.

b) A implantación de próteses e material de osteosíntese, en réxime hospitalario e na súa totalidade.

c) Asistencia en rehabilitación ou para recuperación funcional.



d) Asistencia médico-cirúrxica, farmacéutica e sanatorial en accidentes ocorridos no estranxeiro, nos termos indicados no número 4.

e) Traslado ou evacuación do lesionado desde o lugar do accidente ata o seu ingreso definitivo nos hospitais concertados pola póliza do seguro, dentro do territorio nacional, ata un límite de 10.000 euros.

f) Adquisición de material ortopédico para a curación dun accidente ou lesión deportiva, ata un 70% do seu custo, sempre que o prescriba un facultativo, previa autorización da compañía e contra presentación de factura acreditativa do desembolso efectuado.

g) Asistencia odonto-estomatolóxica por lesións na boca motivadas por accidente deportivo cun importe de 1.000 euros por sinistro ou o 50% do custo de facturación cando esta teña un importe superior aos 2.000,00 euros.

2. A asistencia médica do seguro obrigatorio prestarase polos facultativos, centros e clínicas que a compañía teña incluídos nos seus cadros médicos de asistencia, que deberán ser utilizados obrigatoriamente por aquelas persoas aseguradas que desexen recibir asistencia con cargo á compañía de seguros.

Se por motivo de urxencia vital, unha persoa asegurada é levada a outros servizos asistenciais non concertados, sendo estes da Seguridade Social, a compañía farase cargo dos seus gastos, ata que por prescrición facultativa poida ser trasladado aos servizos concertados coa compañía.

3. A asistencia sanitaria por accidentes ocorridos no estranxeiro, estará suxeita a un límite máximo de 18.000€, por todos os conceptos.

A prestación realizarase por medio de reembolso dos gastos que se produzan no estranxeiro que a persoa asegurada debe demostrar coa achega da documentación xustificativa correspondente.

Esta prestación é compatible coas indemnizacións por perdas anatómicas ou funcionais, ou por falecemento, motivadas por accidente deportivo.

Artigo 18. *Riscos excluídos*

1. Os riscos que como máximo poden ser excluídos de cobertura son os seguintes:

a) Os accidentes que queden fóra do ámbito de cobertura do seguro.

b) Os sinistros provocados intencionadamente pola propia persoa asegurada.



c) Cando se produza en estados atípicos tales como a drogadicción, alcoholismo, perturbación mental ou estados análogos nos que concorra a culpa da persoa asegurada. A efectos do seguro entenderase por alcoholismo cando a taxa de alcol en sangue supere os límites legais establecidos para a tipificación como delito da condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas

d) Cando medie imprudencia grave ou inobservancia grave das normas deportivas aplicables por parte do asegurado.

e) As lesións ocasionadas pola práctica deportiva durante o período de baixa por lesión.

f) Cando o dano derive da participación da persoa asegurada en actos delituosos.

g) Os ocorridos como consecuencia de guerra civil ou internacional.

h) As consecuencias da reacción ou radiación nuclear ou contaminación radioactiva.

2. As exclusións de riscos que, con carácter máximo, se aplicarán aos seguros obrigatorios de accidentes deportivos do presente capítulo, operan para todas as coberturas da póliza, e serán redactadas nos termos literais do número 1.

Sección 3ª. *Capitals e indemnizacións*

Artigo 19. *Capitals e indemnizacións mínimas*

A cobertura do contrato de seguro estenderase, como mínimo, aos capitals previstos no artigo 20 e ás indemnizacións especificadas no anexo do presente regulamento.

Artigo 20.- *Capitals asegurados en caso de falecemento*

1. Os capitals asegurados cubertos con carácter mínimo en caso de falecemento por accidente serán os seguintes:

a) No caso de falecemento da persoa asegurada causado por un accidente na práctica deportiva, garántese o pago dun capital asegurado de 30.000,00 euros a favor dos sucesores do asegurado.

b) No caso de que o falecemento da persoa asegurada sexa causado por un accidente durante a práctica deportiva pero sen que esta sexa a causa principal ou eficiente, garántese o pago dun capital asegurado de 15.000,00 euros a favor dos beneficiarios.



2. Entenderase que a morte acontece por accidente deportivo cando o falecemento da persoa asegurada teña lugar por mor dun accidente cuberto pola póliza e producido de forma inmediata a aquel ou no transcurso dos dous anos seguintes a contar desde a súa data de ocorrencia.

3. No caso de que o falecemento da persoa asegurada como consecuencia dun accidente cuberto pola póliza se produza con posterioridade ao citado prazo de dous anos para proceder á súa indemnización, deberase acreditar dun modo fidedigno que o falecemento é como consecuencia do devandito accidente.

4. Para os efectos do indicado no número 1 b), entenderase que o falecemento está vinculado co accidente deportivo pero non é resultado inmediato deste, cando no nexo causal concorran circunstancias alleas ao propio sinistro, como previas afectacións da saúde da persoa asegurada ou mala praxe médica na atención sanitaria posterior.

Artigo 21.- *Indemnizacións en caso de perda anatómica ou funcional*

1. A indemnización por perdas anatómicas ou funcionais sobrevidas por accidente deportivo terá unha contía máxima de 100.000€ e será determinada aplicando o baremo contemplado no anexo consonte os seguintes criterios:

a) A indemnización calcularase de acordo coas porcentaxes do anexo e que son aplicables sobre a suma de 100.000€.

b) A indemnización que proceda por perdas anatómicas ou funcionais é compatible coas prestacións por asistencia sanitaria contemplada no seguro.

c) As perdas anatómicas e funcionais serán valoradas e, no seu caso, indemnizadas, unha vez sexa dado de alta definitiva, por curación ou estabilización das secuelas, ao finalizar o tratamento.

Capítulo III

Seguro de responsabilidade civil

Artigo 22. *Obxecto*

1. O seguro obrigatorio deportivo de responsabilidade civil regulado neste capítulo dará cobertura ás indemnizacións pecuniarias das que sexa responsable o obrigado á súa subscrición, en virtude do risco creado pola competición ou evento organizados ou pola actividade deportiva desenvolvida, polos danos causados ás persoas ou nos bens con motivo dos mesmos.



2. Para a organización dunha competición oficial será obrigatorio contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra nos termos previstos no presente regulamento, os danos causados aos deportistas, participantes en xeral e persoas espectadoras como consecuencia da organización e desenvolvemento da competición.

3. A mesma obrigación prevista no número anterior, corresponde no caso de organización e desenvolvemento de eventos deportivos, incluídas as competicións non oficiais.

4. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, para a explotación de centros deportivos e a prestación de servizos deportivos, resulta obrigatoria a subscrición polo organizador ou prestador dos servizos dun contrato de seguro de responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionárselles ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas.

Artigo 23. Obrigados á subscrición do seguro.

Estarán obrigados á subscrición do seguro quen ostente a condición de organizador da competición ou evento e os titulares da actividade ou prestadores do servizo.

Artigo 24. Alcance da obrigación de subscrición

1. A obrigación de subscrición existirá independentemente da tipoloxía de establecemento ou espazo en que teña lugar o evento, actividade ou servizo deportivo, resultando comprendidas todas as tipoloxías de establecementos e actividades contempladas na normativa reguladora dos espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público.

2. As persoas organizadoras de competicións e eventos deportivos, así como as persoas prestadoras de servizos deportivos, deben contratar a póliza de responsabilidade civil, independentemente da que tamén a teñan contratada as persoas titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público onde leven a cabo as competicións ou eventos deportivos.

3. Nos supostos en que se desenvolva, xunto coa deportiva de carácter principal, outro tipo de competición, evento ou actividade, de natureza non deportiva e de carácter accesorio ou secundario, a obrigación de subscrición deste seguro será igualmente esixible, debendo ter en conta para a



delimitación do risco esta circunstancia de forma que a cobertura sexa plena para as persoas participantes ou usuarias independentemente da natureza da actividade.

4. O carácter preceptivo da subscrición deste seguro de responsabilidade civil entenderase sen prexuízo da obrigaón de contratar pólizas de seguro de responsabilidade civil específicas esixidas pola normativa que lles resulte de aplicación, por parte do resto de persoas ou entidades intervinientes de calquera modo na actividade tales como, entre outras, as titulares de instalacións portátiles ou desmontables, equipos deportivos ou vehículos ou calquera outra suxeita á subscrición dun seguro obrigatorio.

5. Cando se trate de competicións oficiais organizadas polas federacións deportivas, poderase entender cumprida a obrigaón de dispoñer de seguro obrigatorio de responsabilidade civil específico para a competición, cando o seguro contemple de forma expresa e nominativa o risco de organización das competicións oficiais do calendario aprobado en cada tempada.

Artigo 25. *Acreditación e vixencia do seguro*

1. A contratación do seguro de responsabilidade civil acreditarase mediante a exhibición dun exemplar da póliza, no que figuren as cláusulas xerais e particulares que reflectan a cobertura e o capital asegurado, xunto co recibo do pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou de copia deles. Ambos os documentos poderán ser requiridos en calquera momento polo persoal funcionario dos órganos da Administración competente encargados de realizar as actuacións inspectoras, instructoras ou sancionadoras.

2. Sen prexuízo do disposto no número 1, a contratación do seguro de responsabilidade civil tamén poderá acreditarse mediante unha certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, que deberá ter o contido mínimo seguinte:

- a) A identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros e da persoa que actúe na súa representación.
- b) O número da póliza de seguro.
- c) A mención expresa á cobertura de responsabilidade civil e á vixencia temporal do seguro.
- d) A identificación da competición, evento ou da actividade deportiva e o municipio onde se vaia a celebrar ou se localice.



- e) A data e a hora da celebración da competición ou do evento deportivo.
 - f) A mención expresa ao aseguramento do establecemento ou espazo aberto ao público ou do espectáculo público ou actividade deportiva.
 - g) A contía do capital asegurado e da franquía, no seu caso.
 - h) A data e a sinatura da persoa que expida o certificado.
3. A vixencia do seguro terá que manterse en tanto se desenvolva a competición ou evento deportivo, ou en tanto permaneza en funcionamento o centro deportivo, a actividade ou servizos deportivos.
4. A falta de seguro poderá carrexar o peche do establecemento e a suspensión inmediata da competición, evento deportivo ou actividade deportiva nos termos establecidos no título IV da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Artigo 26. Carácter especial do seguro de responsabilidade civil no suposto de competicións e eventos deportivos

O seguro de responsabilidade civil previsto neste regulamento para competicións e eventos deportivos ten a consideración de norma sectorial especial en canto á cobertura e os capitais mínimos asegurables.

Artigo 27. Cobertura do seguro

1. O seguro haberá de cubrir a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, ás persoas titulares dos centros deportivos, actividades deportivas, establecementos abertos ao público onde se desenvolvan actividades deportivas ou ás persoas organizadoras das competicións e eventos deportivos, de maneira tal que cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas participantes, usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e os seus bens, sempre que os devanditos danos e prexuízos sexan producidos como consecuencia da xestión e explotación do establecemento, actividade ou da realización da competición ou eventos deportivo, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

2. Para os efectos do establecido no apartado anterior, enténdese por prexuízos consecutivos as perdas económicas que se deriven directamente dos danos persoais e materiais sufridos pola persoa reclamante e que estean amparados pola póliza de seguro.



Artigo 28. *Exclusións*

1. Quedan excluídos da cobertura do contrato de seguro de responsabilidade civil regulado polo presente regulamento os danos e prexuízos sufridos polas persoas que, directa ou indirectamente, dependan empresarialmente das persoas titulares ou das persoas organizadoras

2. Xunto coas que legalmente estean previstas como tales, tamén quedan excluídos os danos que sufran os bens destinados ao uso do centro deportivo, actividade ou servizo deportivo ou ao desenvolvemento da competición ou evento deportivo.

Artigo 29. *Dereito de repetición*

Para os efectos do exercicio do dereito de repetición que atribúe ao asegurador o artigo 76 da Lei de Contrato do seguro, son supostos de dano ou prexuízo causado a un terceiro debido á conduta dolosa do asegurado, sen prexuízo de calquera outros en que puidese concorrer dolo, os seguintes:

a) Os ocasionados na práctica deportiva en calquera das circunstancias seguintes: sen posesión da correspondente licenza ou carecendo esta de validez ou baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas ou estupefacientes.

b) Os ocasionados por facer uso temerario dos instrumentos asociados á práctica da modalidade deportiva de que se trate.

c) Aqueloutros nos que o causante do dano incorra en delito de omisión de socorro.

Artigo 30. *Capitais mínimos asegurables*

1. O seguro de responsabilidade civil previsto neste capítulo deberá cubrir, como mínimo, os danos corporais e morais (sempre que estes deriven de danos corporais) ata un límite de 1.500.000 euros por sinistro.

2. O seguro de responsabilidade civil previsto neste capítulo deberá cubrir, como mínimo, os danos materiais ata un límite de 500.000 euros por sinistro.

3. O seguro de responsabilidade civil poderá ter un mínimo exento de ata o 1 por 1.000 da contía que resulte esixible sen que en ningún caso devandito mínimo exento poida superar a contía de 6.000 euros.

Disposición transitoria primeira. Acomodo dos contratos á nova regulación.



As entidades aseguradoras dispoñerán dun prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste decreto para adaptar ao réxime introducido polo presente regulamento as pólizas en vigor e as que se comercialicen. Transcorrido o dito prazo, os contratos de seguro de subscrición obrigatoria entenderanse adaptados ao disposto neste decreto.

Disposición transitoria segunda. Prorrata de prima.

As entidades aseguradoras quedan habilitadas para percibir dos seus asegurados a prorrata desde a data de entrada en vigor das novas coberturas recollidas neste decreto ata o respectivo vencemento dos contratos en curso do seguro, de subscrición obrigatoria, pola diferenza entre a prima satisfeita e a nova que corresponda, para as coberturas que agora se establecen.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento e actualización de contías.

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de deporte para aprobar, no ámbito das súas competencias, as disposicións xerais precisas para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento así como para actualizar as contías dos capitais mínimos asegurables.

Disposición Derradeira Segunda. Entrada en vigor.

O presente Decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026.

Santiago de Compostela, ... de de 2025



Anexo

Baremo de indemnización por perdas anatómicas ou funcionais

Alienación mental incurable que exclúa calquera traballo	100%
Parálise completa	100%
Cegueira absoluta	100%
Perda ou inutilización absoluta de ambos brazos, ambas mans, ambas pernas ou ambos pés ou, conxuntamente, dúas extremidades das indicadas	100%
Xordeira completa dos dous oídos	100%

CABEZA E CARA	
Xordeira completa do oído	15%
Ablación da mandíbula inferior	30%
Perda total dun ollo ou redución á metade de visión binocular	30%
Perda de sustancia ósea na parede cranial, claramente apreciable por exploración clínica	6 ao 13%
Merma da agudeza visual dun ollo en menos do 50%, sempre que con corrección non alcance en ambos ollos as 7 décimas	6%
Merma da agudeza visual en ambos ollos, en menos do 50%, sempre que con corrección non alcancen ambos ollos as 7 décimas	14%
Merma da agudeza visual dun ollo en máis do 50%	40%

ÓRGANOS DA AUDICIÓN	
Perda dunha orella	10%
Perda das dúas orellas	22%
Hipoacusia que non afecte á zona conversacional dun oído, sendo normal a do outro	7%
Hipoacusia que afecte á zona conversacional dun oído, sendo normal a do outro	15%
Hipoacusia que afecte á zona conversacional de ambos oídos	60%



ÓRGANOS DO OLFACTO

Perda do nariz	22%
Deformación ou perforación do tabique nasal	7%

DEFORMACIÓNS NO ROSTRO E NA CABEZA, NON INCLUÍDAS NOS EPÍGRAFES ANTERIORES

Deformacións no rostro e na cabeza que determinen unha alteración importante no aspecto sempre que non sexan corrixibles cirurxicamente	3 ao 14%
Quedan excluídas as cicatrices derivadas de intervencións cirúrxicas realizadas en calquera parte do corpo.	

MEMBROS SUPERIORES	DEREITO
Perda total do brazo ou da man	60%
Perda total do movemento do ombreiro	25%
Perda total do movemento do cóbado	20%
Perda total do movemento do pulso	20%
Perda total do polgar e do índice da man	40%
Perda de tres dedos da man que non sexan o polgar oo índice	25%
Perda do polgar e outro que non sexan o índice da man	30%
Perda de tres dedos da man, incluídos polgar e índice	50%
Perda do índice da man e outro que non sexa o polgar	25%
Perda do polgar da man solo	22%
Perda do índice da man solo	15%
Perda do medio, anular ou meñique da man	10%
Perda de anular e meñique da man	15%

MEMBROS INFERIORES

Perda dunha perna ou do pe	50%
Amputación parcial do pe tipo Lisformc o Chopart	40%



Fractura non consolidada dunha perna ou pe	25%
--	-----

MEMBROS INFERIORES	
Ablación de rótula	30%
Perda total do movemento dunha cadeira ou dun xeonllo	30%
Acurtamento, polo menos de 5 cms, dun membro inferior	15%
Perda do dedo gordo dun pe	8%
Perda doutro dedo dun pe	3%

GLÁNDULAS E VÍSCERAS		
Perda da mama na muller	Unha 14%	Dúas 31%
Perda doutras glándulas e da súa funcionalidade total		
Salivares	13%	
Tiroides	14%	
Paratiroides	14%	
Pancreática	25%	
Perda do bazo	14%	
Perda do til	24%	